

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de febreiro de 2018

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do 14 de febreiro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 1 de febreiro de 2018.

2º.- Comunicacions previas (obras menores).

3º.- Licenzas de obra maior.

4º.- Licenza de segregación.

5º.- Corrección de erros.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2018.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 1 de febreiro de 2018.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SONIA RODRIGUEZ PAZOS, con domicilio en R/Regata Cutty Sark nº 15, 1ºD, A Coruña, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Osebe 13, Bastavales, colocando tella por enriba das uralitas existentes, sen incrementar o volume actual da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BEGOÑA GONZALEZ NIEVES, con domicilio en Brión de Abaixo 31, Brión, na que comunica que vai construír un muro de peche, con zócalo de

formigón ata unha altura de 1 m. e con postes metálicos e maia plastificada ata unha altura máxima de 1,80 metros, en Brión de Abaixo 31, Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en area non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da autorización de Augas de Galicia (expediente DH.W15.56990), de data 05/10/2017, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALFONSO SERRAMITO FREIRE, con domicilio no Cabo 8, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar a cuberta do alpendre situado no Cabo 8, Os Ánxeles, colocando tella por encima das uralitas existentes, sen incrementar o seu volume. A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BEGOÑA BAÑOS IGLESIAS, con domicilio en Urb. Balneario do Temo 9, 3ºD, Os Ánxeles, na que comunica que vai cambiar as xanelas da súa vivenda da Urb. Balneario do Temo 9, 3ºD, Os Ánxeles, por outras novas de aluminio de cor gris. A edificación emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3).

Trátase dunha obra de escasa entidade que afecta a unha zona común do edificio, que conta coa autorización da Comunidade de Propietarios Balneario do Temo Bloque C, do día 11/12/2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Eulogio Pérez Laso, que di actuar en representación de JOSE ANDRES CAAMAÑO POSE, con domicilio en Urb. Monte Balado 20, 1ºC, Os Ánxeles, na que comunica que vai acondicionar un local para centro de xogos e esparcemento para nenos, en Agro Novo 92, portal 1, baixo, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo arquitecto Eulogio Pérez Laso, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15/01/2018.

A edificación atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC-3) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras solicitadas, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres

anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-- Unha vez rematadas as obras de acondicionamento do local para centro de xogos e esparcemento para nenos, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ao respecto pola Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación:

- Certificado de solidez da edificación.
- Certificado final de obra visado.
- Certificado emitido pola empresa homologada no referente ao cumprimento das condicións acústicas/conforme á Lei 37/2003 do ruído e o Real Decreto 1367/2007 de desenvolvemento.
- Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento.
- Seguro de responsabilidade civil.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Franciso Xavier Liñares Tuñez, que di actuar en representación de MARIA VILLAVERDE SOLER, con domicilio en Rúa General Pardiñas 19, 4º esquerda, Santiago de Compostela, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Cirro 33, San Salvador, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Salgado e Liñares SLP (Alfonso Salgado Suárez/ Francisco Liñares Túñez), visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11/04/2017 e documentación complementaria visada o 26/07/2017 e o 10/01/2018.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 7731322NH2473S0000WU) atópase clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polos arquitectos arquitectos Salgado e Liñares SLP (Alfonso Salgado Suárez/ Francisco Liñares Túñez), visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11/04/2017 e documentación complementaria visada o 26/07/2017 e o 10/01/2018.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 72,10 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 5 de febreiro de 2018.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DEL MAR SOUTO GOMEZ e JESUS MATA PAZOS, con domicilio en Busto de Frades 1, Cornanda, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar na Amañecida 10, Luaña, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Juan Sebastián Lareo Sánchez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15/11/2017.

A parcela onde se pretende executar as obras (referencias catastrais 9243112NH1494S0001BZ e 9243101NH1494S0001JZ) atópase clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRO-2), no seu fronte, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM, superficie:2.617 m²; e como solo rústico forestal na parte traseira cunha superficie de: 925 m².

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-.A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Juan Sebastián Lareo Sánchez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15/11/2017.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres

anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

.- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

.- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

.- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

.- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada MARIA LUISA RIVAS VEIGA, con domicilio en Coruxido 8, Bastavales, de licenza de obra para reconstruír a cuberta dunha edificación tradicional, emprazada no lugar de Coruxido, Bastavales, segundo proxecto redactado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29/11/2017.

A edificación (referencia catastral 7502219NH2470S0001UE) atópase emprazada dentro da delimitación de solo de núcleo rural tradicional da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza de solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29/11/2017.

.- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, fíxanse como sigue: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de

expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL BOUZAS CAPEANS, con domicilio en Cantelar 1, Boullón, na que solicita licenza de segregación da finca 369 adicional, do plano de concentración parcelaria de Boullón, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado núm. 744/17.

Descrición da parcela matriz:

Finca 369-adicional do plano de concentración parcelaria de Boullón.

Referencias catastrais: 4140402NH2444S0000AS e 4140402NH2444S0001SD

Superficie segundo medición recente: 9.778 m²

Clasificación urbanística: Ten dúas clasificacións: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2) (3.667m²); e solo rústico de especial protección con dúas categorías: solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas segundo disposición transitoria primeira letra 2.d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia (6.111 m²).

Lindes:

Norte: regato, zona excluída, Isolina Freire Gonzo (108) e Benigno Lorenzo (111).

Sur: parcela nº4 (107-4) descrita ao nº4 e a finca nº102 de concentración.

Leste: Mercedes Cabo Rey (105) e Pilar Buyo Castro e outro (106) e zona excluída.

Oeste: estrada e as parcelas nº2 (107-2), tres (107-3) e catro (107-4).

Segregación pretendida:

Parcela nº369- adicional zona urbana:

Superficie: 3.667 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela 369-adicional zona rústica, procedente desta segregación.

Sur: parcela 368-adicional.

Leste: parcela 369-adicional zona rústica, procedente desta segregación.

Oeste: camiño de concentración parcelaria.

Se establece una cesión a viales de: 133 m².

Parcela nº369- adicional zona rústica:

Superficie: 6.111 m².

Clasificación: solo rústico de especial protección con dúas categorías: solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas, segundo disposición transitoria primeira, letra 2.d), da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: regato, zona excluída, Isolina Freire Gonzo (108) e Benigno Lorenzo (111).

Sur: parcela 369-adicional zona urbana, procedente desta segregación e a finca 102 de concentración.

Leste: Mercedes Cabo Rey (105) e Pilar Buyo Castro e outro (106) e zona excluída.

Oeste: parcela 369-adicional zona urbana, estrada e as parcelas nº2 (107-2), tres (107-3) e catro (107-4).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade:

1º) Declarar a innecesariedade de licenza de segregación consonte co disposto no art.150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aceptar a cesión de terreos da finca clasificada como solo de núcleo rural destinados a viais de: 133 m².

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- CORRECCION DE ERROS.

a) Deuse conta dun erro na concesión da licenza de segregación outorgada a SERAFIN CAMPOS PEREIRA, pola Xunta de Goberno Local o 17/01/2018, para a segregación dunha parcela no lugar de Liñares. O erro detectouse nos lindes das parcelas resultantes, concretamente no linde norte da finca 2 resultante da segregación.

Visto o informe da arquitecta municipal asinado o 09/02/2018 e o proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, visado núm. 13695, do 20/07/2017 e documentación complementaria presentada o 05/12/2017 (r.e.5012), onde figuraban os lindeiros, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a instancia do interesado, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado nos seguintes termos:

Onde di: Finca 2. Linde: Norte: estrada.

Debe dicir: Finca 2. Linde: Norte: finca 1 procedente desta segregación e estrada.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González

